



**XUNTA
DE GALICIA**


CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

Plan Dixital de Centro

Estratexia Educación Dixital 2030



Plan Dixital de Centro

Estratexia Educación Dixital 2030

Obxectivos

- ❖ Impulsar as competencias do alumnado en materia de novas tecnoloxías
- ❖ Desenvolvemento dun **ecosistema educativo dixital** de alto rendemento

Piares fundamentais

- Diagnose da situación dixital do centro
- Creación da Rede Galega de Educación Dixital
- Creación de equipos de apoio dixital aos centros
- Reforzo das actividades formativas



SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

Plan Dixital de Centro

- 01** Portal web do centro educativo
- 02** Aula virtual do centro educativo
- 03** Correo corporativo “@edu.xunta.gal”
- 04** abalarMóbil para as familias
- 05** abalarPro para o profesorado
- 06** espazoAbalar: profesorado e centros
- 07** Servizo de videoconferencia
- 08** Agueiro: ferramenta de portfolio
- 09** E-Dixgal: educación dixital
- 10** Escolas na nube



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

01

PORTAL WEB do centro educativo

Servizo Webs Dinámicas



Portal web do centro educativo

<https://www.edu.xunta.gal/centros/nome-do-centro>

Todos os centros educativos dispoñen dun portal web corporativo creado con **Drupal**, un sistema de xestión de contidos CMS.

Permite o traballo colaborativo de distintos roles de usuarios para que dun xeito uniforme creen, xestionen, publiquen e actualicen contidos.

Crear contidos resulta tan sinxelo como encher formularios que o usuario pode publicar en menús, simplemente seleccionando as opcións de saída.

Usar **Drupal** non implica coñecemento de código, nin o uso de programas de FTP nin tampouco a instalación de ningún tipo de aplicación.

Servizo Webs Dinámicas

The screenshot shows the 'Proxecto Webs Dinámicas' website. The header includes the Xunta de Galicia logo and the text 'CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE'. The main navigation bar contains links for 'AULA VIRTUAL ABERTA', 'FOROS', 'MAPA DO SITIO', 'PORTAL EDUCATIVO', and 'CENTROS PARTICIPANTES'. The main content area is titled 'Proxecto Webs Dinámicas' and includes a welcome message, a list of quick guides for Drupal, Moodle, and Coppermine, and a sidebar with links to various resources and a list of recent content.





Portal web con Drupal



Configurable

Todos os centros participantes no proxecto Webs Dinámicas, reciben acceso a un portal web totalmente instalado e configurado, cun menú orientativo que cada centro pode adaptar según as súas necesidades.



contidos



interactividade



seguridade



personalizable
adaptable

O portal web do teu centro educativo

Modular

Os centros poden activar, desactivar e configurar funcionalidades según as súas preferencias.

Deseño

Dispoñibles máis de 70 plantillas para escoller o aspecto gráfico e estético do portal.

Soporte

O servizo Webs Dinámicas proporciona soporte e asesoramento a todos os centros participantes.

Usuarios e roles

Posibilidade de crear roles de usuario personalizados para realizar diferentes tarefas de creación e xestión dos contidos do portal.

Drupal é un sistema de xestión de contidos modular, multipropósito, totalmente configurable e adaptable.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE




02

AULA VIRTUAL do centro educativo

Servizo Webs Dinámicas



Aula Virtual do centro educativo



<https://www.edu.xunta.gal/centros/nome-do-centro/aulavirtual>

A aula virtual dos centros educativos está baseada en Moodle, un LMS (Sistema de Xestión da Aprendizaxe) que se estrutura en cursos onde os profesores poden colgar os seus recursos e actividades para o alumnado, mantendo en todo momento un seguimento da actividade que este realiza. Ademais, o amplo número de actividades dispoñibles fai de Moodle unha plataforma con un potencial colaborativo moi importante.

Flexible

Pode utilizarse con diversos modelos pedagóxicos, aínda que en orixe está baseado nunha pedagogía constructivista social.

Feito por docentes

Moodle está construído por profesores e para profesores dende unha óptica constructivista.

Interactivo

Promove variadas utilidades de comunicación entre docentes e estudantes, eficaces para o aprendizaxe cooperativo.

Participativo

Permite implicar ao alumno na participación en foros, mensaxería, wikis, glosarios, ...

Seguimento do progreso dos estudantes

Permite realizar un seguimento do estudante mediante rexistros de acceso a cada recurso e historial de actividades dispoñibles para los docentes e/ou administradores.





Aula Virtual do centro educativo

<https://www.edu.xunta.gal/centros/nome-do-centro/aulavirtual>

- Creación de cursos e materias nun entorno de ensinanza dixital.
- Complementa dixitalmente á ensinanza presencial.
- Proporciona distintos métodos de avaliación e cualificación.
- Accesibilidade e compatibilidade desde calquera navegador web

Servizo Webs Dinámicas - AULA VIRTUAL

The screenshot shows the AULA VIRTUAL web interface. At the top, there is a header with a menu icon, the text 'av Galego (gl)', and a login status 'Vostede non se identificou. (Acceder)'. Below the header, the main content area displays 'AULA VIRTUAL do centro educativo'. To the right, there is a sidebar with a 'Menú principal' section containing a link to 'Noticias do sitio' and a 'Calendario' section showing a calendar for October 2021. At the bottom, there is a dark footer with the Moodle logo and links to 'Resumen da retención de datos' and 'Obter a app móbil'.



Moodle app para dispositivos móbiles para Android e iOS

O aplicativo “**Moodle app**” mellora a experiencia de usuario con Moodle en dispositivos de pantalla táctil e permite o traballo na aula virtual en moitos entornos onde os estudantes non teñen ordenador ou teñen unha conexión a internet deficiente





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



03

Correo electrónico corporativo

@edu.xunta.gal



Correo electrónico corporativo

O correo electrónico corporativo “@edu.xunta.gal” é un servizo de correo electrónico de carácter profesional asociado ás credenciais de acceso corporativas dos docentes e persoal da Consellería de Educación.

Este servizo debe utilizarse sempre con fins profesionais e debe ser a conta de correo utilizada polos docentes en todo o relacionado co seu traballo.



<https://www.edu.xunta.gal/webmail>



No uso dos sistemas de información corporativos da Consellería de Educación é importante ter en conta que o usuario/contrasinal empregado no acceso aos distintos servizos (correo electrónico, XADE, Platega, EVA Edixgal, ...) é o mesmo en todos os sistemas, polo que hai que ser especialmente coidadoso cando se utiliza en equipos de uso compartido para evitar un posible problema de seguridade coa conta de usuario de Educación.





Consellos de seguridade

- Acceder sempre desde equipos co sistema operativo actualizado e con todas as actualizacións de seguridade instaladas.
- Non empregar a conta corporativa de Educación para darse de alta noutros servizos non corporativos e/ou de uso particular.
- Non reutilizar o mesmo contrasinal de Educación para o acceso a calquera outro servizo externo ou privado.

No caso de ter que empregar por necesidade algún medio de acceso potencialmente inseguro, cambie ou actualice o seu contrasinal en canto sexa posible, sen agardar a que remate o periodo de caducidade.



edu.xunta.gal



Correo web

O correo web pode usarse directamente desde calquera navegador

FUNCIONALIDADES


O correo corporativo inclúe ademáis outras funcionalidades:

- Axenda calendario
- Caderno de contactos
- Filtros
- Notas
- Programación de tarefas

Uso con apps de correo-e para móbiles



O correo electrónico corporativo permite configurase en calquera app de correo para dispositivos móbiles con sistema operativo Android e iOS.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica



04

abalarMóbil
para as familias



abalarMóbil



Acceso rápido, fácil e cómodo desde calquera dispositivo móbil con sistema operativo Android ou iOS.



Toda a información académica para as familias sobre os seus fillos/as.




En calquera momento, en calquera lugar, calquera día e a calquera hora.



Comunicación co titor/a e o resto de profesorado dos fillos/as.



Cualificacións académicas, faltas de asistencia, avisos, incidencias, ...





abalarMóbil

abalarMóbil é unha aplicación que se pode instalar tanto no teléfono móbil como nunha tablet e que permite ás familias consultar a información de calquera dos seus fillos a través destes dispositivos.


A descarga desta aplicaicón faise desde Apple Store (se o sitema operativo é iOS) ou desde Google Play Store (se o sistema operativo é Android).


Esta aplicación nace no contexto do proxecto Abalar, un compromiso da administración galega coa cidadanía, no ámbito da integración das novas tecnoloxías na práctica educativa, para acadar unha resposta integral e de futuro aos retos que presenta a educación do noso alumnado na sociedade dixital do século XXI.



abalarMóbil 4+
Xunta de Galicia
Diseñado para iPhone
Num. 83 en Educación
★ ★ ★ ★ 1,9 • 127 valoraciónes
Gratis

Capturas de pantalla del iPhone





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



05

abalarPro
para o profesorado



abalarPro

Unha app para o profesorado



Dispoñible para Android e iOS

- Configuración do perfil
- Distintas funcionalidades de mensaxería:
 - Chat privado
 - Chat de difusión
 - Chat grupal/sala
- Personalización da app

abalarPro


- ✓ Descarga a aplicación e introduce as túas credenciais corporativas: nome de usuario e contrasinal corporativos
- ✓ Despois do primeiro acceso, deberás configurar un PIN.
- ✓ Se tes configurada a autenticación biométrica no teu dispositivo (pegada dixital) tamén poderás usar este método para acceder.
- ✓ A continuación configura os datos do teu perfil ... e xa está !






XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Configuración
de acceso
personalizada



Diferentes
tipos e modos
para a
comunicación



abalarPro
Unha app para o profesorado





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

amtegn
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

06

espazoAbalar

profesorado e centros



espazoAbalar



Acesso aos
servizos

Servizos
autenticados

Acesso aos servizos autenticados:

- Usuario de Educación
- Chave 365
- Usuario Xunta
- Certificado dixital

- Realiza consultas e suxestións
- Información orientada aos usuarios, aos servizos, ás familias, ao profesorado e aos centros.
- Últimas noticias relacionadas co proxecto Abalar
- Recursos destacados: vídeos, audios, ...
- Repositorio de contidos educativos Dixitais
- Espazos temáticos:
 - Servizos dixitais educativos
 - E-dixgal
 - Dixit
 - abalarMóbil
 - Maqueta AbalarLibre
 - Seguridade
 - Agueiro
 - Contidos educativos dixitais

The screenshot shows the homepage of the espazoAbalar website. At the top, there's a header with the logo and navigation links. Below that, a section titled 'Contidos orientados' features three categories: 'Alumnado e Familias', 'Centros e Profesorado', and 'Prensa'. A large banner image shows a child writing on a chalkboard. Below the banner, a section 'O que está a acontecer agora en Abalar' lists several news items with dates and brief descriptions. On the right side, there's a search bar, a section for 'Servizos Dixitais' with a 'SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS' button, an 'E-DIXGAL' section with an 'EDIXGAL' button, and a 'Repositorio de contidos educativos' section with a family image.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



07

Servizos de videoconferencia



Servizos de videoconferencia

Cisco Webex
Servizo de videoconferencia
proporcionado por Cisco

<https://eduxunta.webex.com>



Falemos Educación
Servizo de videoconferencia propio,
baseado na plataforma de software
libre "Jitsi"

<https://falemos.edu.xunta.gal>





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

08

Agueiro ferramenta de portfolio




Agueiro

Agueiro é unha plataforma en liña que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Consellería de Educación, ofrecen aos centros educativos galegos como ferramenta para poder crear a súa propia comunidade educativa dixital onde poderá participar todo o profesorado e alumnado do propio centro.

Agueiro combina as funcionalidades de portafolio dixital educativo + rede social educativa



<https://agueiro.xunta.gal>



Rede social educativa

Como rede social educativa, Agueiro proporciona un entorno dixital seguro e fiable onde tanto o profesorado como o alumnado poden interactuar e crear as súas propias comunidades educativas en liña



Portafolio dixital educativo

Como sistema de portafolios dixital, Agueiro ofrece unha plataforma onde todo o alumnado pode crear a súa propia estrutura de evidencias de aprendizaxe permanente que poden ser almacenadas en formato dixital.






A contorna de traballo de Agueiro

En Agueiro ti controlas que elementos e que información do teu portafolio poden ver outros usuarios.

Estes elementos de información (artefactos) poden ser mostrados por medio das **páxinas** a outros usuarios ou aos grupos nos que participes.


Podes crear tantas páxinas e coleccións como queiras e ti decides con quen compartes cada unha delas.



A contorna social de Agueiro

Agueiro proporciona unha contorna de rede social onde todos os usuarios poden relacionarse entre si formando parte dos distintos **grupos** que se poden crear.

Unicamente os profesores (**xestores**) e os responsables das comunidades (**administradores**) poden crear grupos, pero todos os usuarios poderán unirse a aqueles grupos onde se lles permita o acceso





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE




09

E-DIXGAL

EDUCACIÓN DIXITAL



E-Dixgal: educación dixital





Educación Dixital





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

10

Escolas na nube



Escolas na nube



<https://escolasnanube.edu.xunta.es/nome-do-centro>

O proxecto “Escolas na nube”, que ten como obxectivo xeral o deseño e validación dun produto tecnolóxico que permita a utilización das TIC de forma efectiva para a mellora da Aprendizaxe e a colaboración nos pequenos colexios rurais, baseada en Solucións cloud computing, virtualización e software libre

Servizo dispoñible para as comunidades educativas de todos os CRAs de Galicia

Escolas na Nube





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica



***Outros servizos
no marco do
proxecto ABALAR***



WiFi “edu.xunta.es”

Para profesorado

WiFi edu.xunta.es

Permite a conexión WiFi do profesorado desde calquera dispositivo, autenticándose coas credenciais corporativas do docente (usuario” e “contrasinal” corporativos).



seguridade

Cando cambie o contrasinal da conta corporativa, tamén deberá cambiar este mesmo contrasinal nos dispositivos que utiliza para acceder a esta WiFi.



Para alumnado

WiFi edu.xunta.es

Permite a conexión WiFi de todo o alumnado rexistrado en XADE desde calquera dispositivo que utilice.

As credenciais para o alumnado obtéñense de **XADE**, por medio do informe:

“Informe predefinido AL985: Etiq WiFi”



seguridade

Para activar a súa conta, o alumnado debe entrar en:

<https://www.edu.xunta.gal/contausuario>






O proxecto Dixit

Que é Dixit?

O proxecto Dixit busca por a disposición da comunidade educativa galega contidos innovadores, aproveitando as potencialidades da tecnoloxía para favorecer a aprendizaxe activa do noso alumnado.

Trátase de contidos diversos, elaborados de forma colaborativa por profesorado galego para alumnado galego, observando as súas necesidades educativas e os seus procesos de aprendizaxe nas distintas etapas educativas.

Son, polo tanto, recursos adaptados ao currículo galego, que responden ademais á realidade sociolingüística das aulas, o que permite ao profesorado empregalos de forma directa na aula.



Características principais

1. Pensados por persoal docente experto para o voso alumnado.
2. Elaborados cun enfoque innovador e creativo.
3. Desenvolvidos con tecnoloxías diversas.
4. Definidos en sintonía coas motivacións do alumnado e as necesidades do persoal docente.
5. Destinados a fomentar a aprendizaxe activa do alumnado.
6. Adaptados ao currículo galego.
7. Creados especificamente para cada materia pero incorporando unha visión multidisciplinar.
8. Adecuados ás etapas de primaria e secundaria.
9. Postos a disposición de toda a comunidade educativa.
10. Fáciles de empregar.





Aula Aberta Abalar




<https://www.edu.xunta.gal/centros/abalar/aulavirtual>



Abalar

Contidos e materiais formativos
sobre servizos e ferramentas
corporativas



GNU/Linux

Sistema operativo GNU/Linux,
maqueta Abalar, software libre,
aplicacións e software corporativo



Videotutoriais

Serie de videotutoriais sobre
ferramentas, funcionalidades
e aplicacións corporativas



E-DIXGAL

Contidos e materiais formativos
sobre o proxecto E-Dixgal





Maqueta Abalar

Maqueta Abalar

Sistema operativo, software e aplicacións instaladas en todos os equipos informáticos do **proxecto E-DIXGAL**.

Maqueta Abalar Libre

A **Maqueta Abalar Libre** (sistema operativo + aplicacións xa instaladas) pretende estender e dar continuidade á maqueta que inicialmente estaba destinada aos equipos informáticos das aulas do **proxecto Abalar** e actualmente tamén aos equipos informáticos do **proxecto E-DIXGAL**, coa intención de facilitar a instalación do mesmo sistema operativo e as mesmas aplicacións en calquera dos equipos dos centros educativos de Galicia e/ou en calquera ordenador persoal do usuario.





Maqueta Abalar: software libre

O software libre na educación




O uso do software libre na educación posibilita que tanto o profesorado como o alumnado poidan dispoñer libremente nos seus domicilios do mesmo software co que traballan no seu centro educativo, xa que o software libre permite copiarse e distribuírse libremente.

O software libre está baseado en estándares internacionais abertos e libres, polo que ensinar con software libre implica ensinar e aprender a usar a tecnoloxía e non un produto concreto dunha determinada marca.

A liberdade de uso do software libre permítenos cambiar de software en calquera momento e tantas veces como sexa necesario sen que isto represente necesariamente ningún desembolso económico. Neste sentido, o uso de software libre tamén crea usuarios e profesionais independentes dun determinado entorno de software.

O software libre permite entender o seu funcionamento, modificalo, melloralo e adaptalo ás nosas necesidades.





XUNTA DE GALICIA

